


NÚMERO 26//XANEIRO 2024

# CHÍO

HILOS DE TIEMPO



REVISTA CULTURAL DIXITAL

Obra de Carmen Llonín


# DE FÍO A FONDO

Non será **Chío** o primeiro exemplo de táctica lampedusiana, pero algo diso hai, nesta nova etapa que con este número abrimos. Mudar para que todo siga igual, lembran? Con matices.

Era Lampedusa un fatalista? Non somos quen de afirmalo, tampouco de negalo. Pero na novela (O gatopardo) queda claro: os personaxes que resisten son os que aportan máis emoción.

Iso sí: o **Chío** goza de **nova ubicación virtual**; unha disposición de **seccións renovada** (probablemente máis patente no vindeiro número); un **espazo máis extenso adicado aos artistas**, xa que logo cremos na necesidade de ser fiestra cultural para amosar a arte que nos rodea e da que, moitas veces, non somos conscientes. Todo, baixo o firme sentimento de que as dinámicas empurran a un deterioro natural das cousas e polo tanto, é preciso revolucionar.

*“Nosotros hemos sido los gatopardos, los leones; quienes ocupen nuestro lugar serán los chacales, las hienas...”*



PROEMIO

A maiores do indicado, a revista contará para os nosos seguidores/as, cun **contido extra mensual, na web**. De acceso tamén gratuito, ca intención de completar a esencia do eido cultural.

Todos os números do 2024, terán un **fío condutor propio** que concatenará o contido das diferentes seccións e servirá de enlace conector temático; ca idea de imbricar as diferentes partes da publicación.

**Chío** quere agradecer a todos e cada un dos colaboradores/as que, nalgún momento, teñen formado parte da revista e conseguiron que chegáramos ata aquí. Sen eles (sen vós) a aventura desta revista dixital seguiría a ser unha quimera. Grazas por axudarnos a desmontar o mito!

# Carmen Llonín


## Creadora

Autodidacta y multidisciplinar.

Ha recibido formación en dibujo, pintura, grabado y fotografía analógica. Interesada en todas las disciplinas que le permitan una expresión más acertada acerca de lo que quiere expresar. Por ello, ha pintado, esculpido, grabado y hecho instalaciones en la naturaleza, explorado el medio fotográfico para plasmar emociones y ahora, cuando cree que ha dicho todo lo que tenía que decir, vuelve a sus orígenes, al primer contacto con el textil, a su infancia. Al momento en que se rezaba y cosía en el aula e interviene fotografías con bordado, donde cuerpo y naturaleza son uno. Dejando patentes sus ideas medioambientales y rompiendo una lanza por la reunificación del individuo con lo natural. En palabras de Carlos Lafuente "una acupuntura gráfica".

A nivel experiencial, ha organizado, comisariado y montado exposiciones, recibido premio en escultura y seleccionada para intervenir en el Pazo de Tor (programa "Diálogos na Rede") o en el proyecto "Fluido no Lerez", comisariado por Antón Sobral.

Ha realizado exposiciones individuales y colectivas, destacando las celebradas en el Museo de Lugo ("A arte de ser muller nun mundo por compartir", "Entolearte!", "Olladas de muller", e no Auditorio de Galicia e Marco de Vigo ca mostra "Alén dos xéneros", comisariada por Ánxela Caramés.



COLABORACIÓN






# SOBRAN AS VERBAS. A OBRA.



"Hilos de tiempo" Bordado a mano en fotografía sobre tela



"La jaula"



"Solaris" Intervención con helechos. Playa de Llas





Bordados sobre fotografía, papel o tela.  
A la derecha, bordado sobre hoja natural de la  
serie "Ensayos con la fragilidad"

# Diferente

## José López Orozco

Profesor- Alcalde de Lugo 1999-2015



### Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Gústalle vivir neste momento?

### E cal sería a resposta?

Se hai saúde e se as necesidades materiais están cubertas e alguén e algo polo que loitar e traballar non hai nada como a vida. Ó importante é entender o momento no que se está a vivir e o que un quere facer coa súa vida e pola súa vida.

### Unha película?

“La ley del silencio” de Elia Kazan (1954)

### Un actor?

Marlon Brando- Luis Tosar

### Unha actriz?

Ingrig Bergman

### Unha canción?

“Le métèque” de George Moustaki;  
“Mediterráneo” de Serrat

### Un libro?

“Fedón” de Platón.- “El hombre rebelde”  
de Albert Camus

### Un autor?

Albert Camus

### Un articulista?

Manuel Vicent

### Un político?

Enrique Tierno Galván

### Un tempo?

El actual

### Un taco?

Coño!

### Que lle molesta?

A manipulación intelectual

### Alguén ou algo despreziable?

A guerra



# DESCUBRINDO O CHÍO MARIÑÁN. DEFININDO

**ANTONIO GREGORIO MONTES**

A Mariña limita ó norte con Inglaterra, nutrinte mar por medio. Ó oeste, coa outra mariña mindoniense que é o Ortegal. Ó leste, co Eo-Navia co que estivo unha vez xunguida e segue a ter estreita ligazón. E, ó sur, vía a Terra Chá ou os altos do Eo e do Miño, con Lugo, agora só resto da provincia e dende tempo atrás, bispado diferente do mindoniense que aglutina estas terras. Si, estamos a falar do que hoxe se chama a Mariña lucense, das tres comarcas que se pretenderon organizar con nomes de mariña entre a ría de Ribadeo e a ría do Barqueiro.

Poño o anterior por definir territorio. Territorio que resulta dunha terra empequenecida de xeito administrativo ó poñer novos límites, e na historia ó perder a capital no propio dominio para depender dunha cidade afastada e interior.



Mondoñedo tamén é interior, non?

Mondoñedo interior? Pode parecelo, e é certo que non ten porto. Mais se nos fiamos da historia das súas orixes, está ligada ó mar. Apartada del pola necesidade de supervivencia, non por querencia, o vello San Martiño da fe. E, visto doutro xeito, foi dependente do mar durante todo o tempo que foi capital de toda a costa norte galega.

Hai ¿nostáxicos? ¿simples mariñáns? que din que segue a ser a capital. Cal sería se non? Un Viveiro, aglutinante de Covas e Celeiro baixo a porta de Carlos V (I de España)? Unha Burela nada case da nada, recién saída ó mundo, puxante ó tempo que se ve cerrada en si mesma? O Foz cos altibaixos do verán e inverno, cun peirao a tiro de pedra da area da outra beira e dependente para o seu pulso cíclico de xentes de fóra? Ou mesmo Ribadeo, que chegou a substituír a Mondoñedo no bispado a comezos do milenio pasado pero que hoxe queda no extremo desta terra, a cabalo entre puntos diversos, sempre cun pé fóra do territorio, da unidade? Non, todas elas, reservando o seu espazo, recoñecen tanto a unidade territorial como unha primacía á venerable cidade de tantos séculos.



É este horizonte centrado o que aquí se pretende poder escoitar. Dende a praia á montaña, dende a montaña á praia, que dirían Quilapayún.





Tentando abranguer ambas, e os vales. Dándoles acubillo tamén ós moradores. Moradores que cada vez son menos e distribuídos de xeito máis desequilibrado. Mantendo as pedras como se vai podendo, sen poder manter cheos os parques infantís, como se acusa na vista da basílica de San Martiño tras un parque baleiro. Horizonte no mar por onde chegou moito máis do que chega e marcharon moitos máis do que marchan. E horizonte na terra dende onde se esparran tanto a brétema que mantén húmida a paisaxe como a luz do sur ó mediodía, ambas en competición de resultado incerto día tras día. Horizontes que se abren para dar e recibir, que pechan unha paisaxe e un paisanaxe, que atesouran segredos e vontades, que une futuro - incerto ás veces- e pasado -seguro sempre-, que acubilla esperanzas e loita por conseguilas.



# CUESTIÓN DE PEDRAS PARA ENTRAR A COIDAR O DETALLE



Velaí dous bos exemplos de cousas feitas a conciencia en Lugo; por unha banda a rúa da Cruz onde, non fai tantos anos, acometéronse obras de renovación de canalización e deixaron un empedrado pulcro e perfecto é un bo exemplo de como facer -ben- as cousas. Na outra foto e con máis anos, podemos observar un atinado traballo nos soportais da Praza do Campo.



Estas dúas fotos corresponden a traballos de reparación na rúa do Franco en Santiago de Compostela; nas mesmas podemos ver a dimensión das pedras que se utilizan para revestimento da citada rúa. Queda ben as claras que as cousas feitas a conciencia perduran no tempo.



En esta serie fotográfica, podemos ver varias pedras que, de seguro, foron cinceladas con esmero e que apareceron nos traballos de reparación da prolongación da rúa Quiroga Ballesteros de Lugo; descoñecemos o destino das mesmas, pero de seguro que estas e outras máis, ben poden formar un chan compacto e harmonioso, por exemplo, na rúa San Pedro, por aquilo de que é a entrada na cidade vella de Lugo.

# UN MERLO NA CERDEIRA

## ANTÓN CANDO

Tiña o señor Emilio dos Penedos unha cerdeira a carón da porta. Polos remates de maio viñan unhas zreixas tréfgas e maduriñas que, amosaban antre as verdes follas, quen vía tales zreixas adebecía por elas. Prô a cerdeira tiña gardian, o seu dono sentado ó sol nun escano ó pé da porta, pois o señor Emilio xa ía vellín e, ficaba sentado perante da casa a maor parte do tempo.

Unha tarde pasou o Toñín do Candín por êli, e quedouse mirando pras chamativas zreixas un cacho, todo pasmado e, coa boca facendose auga, pensando que ninguén o vía e, cavilando en rubir a cerdeira e, pegarse unha boa inchentada delas. Entón falou o señor Emilio:

-Comenas todas os merlos, hai que mirar prelas! O Toñín colleu algo de pavoría, non vira a ninguén e, non contaba con tal. Entón dixo: -E podo engatuñar a ela señor Emilio?

-Non, as cerdeiras son mui falsas e podes caer e mancarte, mira a ver se chegas a unha cana e, colles algunha! Pero o Toñín que tería unhos dez aniños, pegaba brincos, mais non chegaba as pôlas.

Entón o neno desgustado, sentouse no escano a carón do señor Emilio, os dous miraban con mágoa pras coloradas zreixiñas, namentras os condenados dos merlos viñan comelas.

Pasou a noite o Antoñín discurrindo en coma collelas boas das zreixas.

Del outro día, o pequeno volveu pola casa do señor Emilio dos Penedos, que estaba a un escaso quilómetro da súa; prô ista vez viña perparado cunha caña, no cabo da mesma ía un garfo de comer, tod'êl atado orredor cun aramio.

-Señor Emilio, mire que tráio pra collelas zreixas!

-Ai ho, pois mira a ver se colles algunha!

O pequeno estiraba a caña entre as pôlas e, metía o rabo das zreixas antre os dentes do garfo, tiraba e, a bermella froita, doadamente caía o chau. Esa mañá comeron zreixas a fartar, tanto o señor Emilio, coma súa dona, a señora Carme, ll'âsi mèsmo o Antoñín, xa ora!



Dende aquel día, o señor Emilio falaba marabillas do pequeno, e o bon do Toñín do Candín, colleu sonda de enventeiro e, inxenioso.

Mais os mouros merlos que, se tiñan por moi listos, deron en falar mal do pequeno, e outros corvos e gaios, amén d'autros que aínda parecían bos paxaros, deron asemade en marmurar no Antoñín:

-Que se ía acabar ca cerdeira!

-Qui ía deixar de dar zreixas!

-Qui a quen se lle ocorre tal evento!

-Que nunca tal cousa se viu!

Igulaiño què din as dereitas agora qu'è presidente Pedro Sánchez.



# GRANDÍO OU A INSOPORTABLE LIVIANDADE DO SER

**AURELIA BALSEIRO GARCÍA**

DIRECTORA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E MUSEÓLOGA

O Museo Provincial de Lugo dispón desde novembro de 2023 da primeira e única sala monográfica estable e pública do país, dedicada ao pintor lucense Tino Grandío. Xuntando os fondos propios cos depósitos realizados a esta institución pola familia e herdeiros do artista, arestora, temos 29 obras de distintas etapas, formatos e técnicas. O conxunto reunido compón unha colección de referencia ineludible para o estudo de Grandío sendo a máis completa e numerosa entre as fundacións e museos galegos.

A maior parte da devandita colección pode verse na sala 13 do MPL, remodelada a tal efecto para amosar, dun xeito estético e didáctico, a produción artística deste creador plástico xunto cunha escolma de fotografías, medallas e premios acadados ao longo da súa curta pero intensa vida.

**Grandío** (Guntín, Lugo 1924 - Lugo 1977) naceu na aldea de Lousada cuxa lembranza levará consigo a Madrid, cando se desplazou alí para realizar estudos artísticos, pensionado pola Deputación de Lugo. Este cambio supuxo unha profunda revisión do seu estilo posto que se verá influenciado polas novas correntes artísticas, omnipresentes na capital, atopando o seu camiño a través da neofiguración e da sublimación dos grises na súa obra pictórica.



Daquela, vai substituíndo as cores e influencias costumistas por un universo creativo de seu que o caracterizará persoalmente materializando un recoñecemento que se produce sobre todo a partir da década dos 50 do pasado século.

Asumiu, de xeito maxistral, o minimalismo da neofiguración aplicado tamén a unha paleta de cores moi concreta e a unhas composicións e temas aparentemente sobrias, pero con gran intensidade conceptual.



Os xéneros que máis o representan son o retrato e a paisaxe, pero hai bodegóns e escenas con figuras de gran sutileza e profundidade, que destilan un profundo lirismo de forma e de fondo. De aí a referencia do título deste artigo en relación á obra de Kundera onde o escritor dicía que "a vida é un bosquejo para nada, un borrador sen cadro" ao tempo que expresaba que a esencia vive na alma.

Esa mesma esencia é a que transmite Grandío na súa última produción pictórica, sen abandonar nunca os temas que o caracterizan ou inspiran: ambientes populares, profundos e psicolóxicos retratos, baile e músicos, apreciados animais domésticos, etéreas paisaxes abertas, delicados fondos...

A liviandade non é despreocupación nen hedonismo, é pura sutileza e reflexión, interese e poesía, vida e beleza profundidade e lembranza. Conceptos reflectidos nos devanditos motivos e composicións e, sobre todo, na luz, porque a iluminación de obras como o Retrato de súa nai é un exemplo velazqueño de estudiadas luces e sombras a prol da expresividade pictórica.

Detalles coma o simbolismo efemero das froes ou as materiais atmosferas representadas nos seus lenzos, están cheos dunha carga emocional e dun lirismo intimista, que nos lembra a coñecida frase atribuída a Leonardo da Vinci: a simplicidade é a máxima sofisticación.

# PREGARIA

TOÑO NÚÑEZ

Estes versos non son para ti, Navia,  
que tanto me does.  
Ti, que te debates entre a resignación  
e a esperanza.  
Eu camiñarei  
sempre  
pola beira da esperanza.

Tampouco para ti, Vilameixide primeiro,  
santuario da nenez  
ancorado no tempo.

Nin para ti, meu pai,  
que deixaches a casa do Muxo  
tan baleira  
e agardas por min en silencio  
no leito mol de Penansinceira.

Tampouco, miña nai,  
que perdiches o compás  
e volves ser nena  
de mirada inocente e tenra,  
é para ti esta pregaria.

Nin para vós, raíña e princesas do meu  
reino,  
laico, republicano e efémero,  
son estas palabras de papel mollado.

Este berro calado é para ti, Imperio  
noxento,  
que miras con ese teu cínico ollar  
para outro lado  
e deixas que o sangue chegue ó mar.

Este berro é por ti, Hanna,  
de ollada ausente,  
que nin sequera choras,  
porque non che quedan bágoas,  
mentres musitas sen forza  
os sons salvíficos bilabiaais  
da desesperación  
(mamá...)

nun recuncho do chan do inferno  
do Hospital Al-Shifa de Gaza.


Tamén grito por ti, Eitan,  
que mamas leite envelenado  
e respiras o aire acugulado  
de odio e de rancor  
nun fatuo fogar de Nazaret.

Como doe tanta dor!  
Cando alumará a razón?  
Cantos miles de mortes custará a paz?





# UN NUEVO AMANECER DOS DE PALABRA



Palabra de honor y de amor; palabra dada,  
palabra justa.

Palabra enlazada, templada y apasionada.

Palabras humildes y sinceras.

Comprometidas y desgarradas.

Palabras para ella; palabras sin palabras, que  
hablan y dicen con simples miradas.

Emociones sin complejos, púdicos desnudos  
emocionales, apalabrados conciertos  
sensoriales.

"...una armonía muda de palabras silentes"  
(JCU).

"Mas tú eres tu propia dueña y ni una palabra..."  
(FJN).

La perfecta consonancia del verbo que grita  
ecuaciones en "Un nuevo amanecer", donde  
**Javier Neira Pampín** y **Juan Carlos Ulloa**,  
desmenuzan sentimientos; tormentos y  
angustias, regocijo y alborozo y todo  
perfectamente ordenado y apasionado.  
Libro para entre manos y emociones.



# IRMANDADE LUGO SEMPRE



O pasado luns 11 de decembro, tivo lugar a charla **“Ser Vello en Lugo”**, dentro do ciclo de conferencias da Irmandade Lugo Sempre. La Ferretería Eventos na rúa San Froilán, acolleu unha morea de xente que atendeu aos ponentes **Paqui Correa** (traballadora social), **Julio Méndez** (presidente da Asc. de Xubilados e Pensionistas de Lugo) e **Héctor Méndez** (psicólogo e formador da Garda Civil en Lugo). É de agradecer a gran asistencia e a participación activa do público.





# MANUEL LÓPEZ GUITAR – GUITI –



"El día 5 de diciembre vio la luz el número 25 de la Revista Digital Chío; Melina López lo tenía todo preparado y dispuesto para entregar a la sociedad un trabajo extraordinario coincidiendo con el último mes del año 2023; **Guiti, Manuel López Guitar** era la persona, el artista que abriría la portada de la publicación; unos días antes ya en nuestras manos, quedamos sorprendidos por el concepto y calidad del trabajo que nos presentó. En ningún momento pensamos un tan doloroso desenlace de nuestro amigo, al día siguiente de comenzar la distribución de Chío, el dolor se apodera de nosotros al comunicarnos el fallecimiento del arquitecto lucense.

Decía El Progreso; "...uno de los profesionales que más ha influido en el urbanismo reciente de la ciudad a través del estudio GAU, falleció este miércoles a los 62 años de edad. La noticia despertó una sincera ola de pesar en la ciudad, donde era muy conocido y apreciado, ya que también se había destacado como un gran amante del arte y la cultura y como uno de los impulsores desde sus inicios del Arde Lucus."




LEMBRANZA

Desde la redacción de **Chío**, queremos mostrar nuestro pesar por el fallecimiento del profesional, del artista y del amigo.  
Descansa en Paz, Guiti.



# TIRANDO DO FÍO



O presente número de **Chío**, representa o inicio dunha nova etapa, pero queda vixente polo de agora, a idea de seren unha publicación de balde que ademais permite descargar todos os números publicados ata o momento, **dende a web**. Eso, no caso de existir, por parte do lector/a, esa sa intención.

Anteriormente esta sección de punto final estaba creada, ca intención de aportar información adicional ao publicado nas páxinas que a precedían. Mantemos esa preferencia aclaratoria, mais tamén servirá como clarificación (se é preciso) do fío condutor que leve o número. Porque de agora en máis, o contido da revista estará ligado por un cordón temático.

Coma sempre, os **contidos** do Chío que responden a unha colaboración expresa do autor/a, van asinados.

A cita do proemio é da novela "**O gatopardo**" de **Giuseppe Tomasi di Lampedusa**.

No relativo as **imaxes** da revista, especificamos que son cedidas polos seus autores/as, pertencen a banco libre de imaxes ou ben levan unha nota explicativa, neste apartado. Tal é o caso que ilustra "*Grandío ou a insoportable liviandade do ser*", imaxe de **Aurelia Balseiro** a cargo de **Xosé Manuel Otero** e fotografía de **Tino Grandío**. Arquivo familiar.

Pecha o número 26 de Chío a obra "**Bo día, Good morning**" de **Carmen Llonín**



**Coordina e dirixe: Melina López**

**chiorevista@gmail.com**

